

BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE TRES OPERARIOS DE SERVIZOS VARIOS.

PRIMEIRA.- OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación de tres operarios de servizos varios, a tempo parcial, mediante o sistema de oposición.

Esta contratación realizarase na modalidade de "contrato por obra e servizo determinado", ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Ao aspirante que resulte seleccionado seranlle de aplicación as previsións que establece a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (no que lle resulten aplicables); así como no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Convenio Colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm.228 do 27 de novembro de 2014).

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións, así como no resto de disposicións que resulten aplicables:

- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local;
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local;
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local;
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes;
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado;

Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDA.- FUNCIONS DO POSTO.

1. Colaboración coa campaña de sensibilización medioambiental "Mellor Arzúa. O teu concello, a nosa casa": limpeza e recollida de lixo en vertedoiros incontrolados, reparto de folletos, preparación e colocación de material, toma de estadísticas, limpeza de áreas en desuso...

2. Limpeza e desbroce das seguintes zonas verdes e áreas: Fonte das Quintás (San Estevo), Fonte da Pena (Castañeda), Fonte de Doroña (Castañeda), Fonte de Fraga Alta (Castañeda), entorno igrexa San Estevo (San Estevo), Local Social da Portela (Castañeda), entorno instalacións deportivas das Hortas (Dombodán), área escola de Tronceda.
3. Desbroce de fincas abandonadas.
4. Recollida de material de desfeito nos locais sociais parroquiais, organización de mobiliario, realización de inventarios de material.
5. Pintura do baixo da antiga escola de Pantiñobre
6. Pintura de peches e bancos de madeira nas áreas recreativas de Boente, San Estevo, e Camiño de Santiago.
7. Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

TERCEIRA.- DURACIÓN.

A contratación terá unha duración de 18 meses.

CUARTA.- XORNADA DE TRABALLO.

A xornada ordinaria de traballo será de 20 horas semanais.

QUINTA.- RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.

733,37 euros mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos salariais:

- Salario Base: 628,60 euros
- Prorratio de pagas extraordinarias: 104,77 euros

SEXTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- C) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto.
- D) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- E) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.
- F) Certificado de escolaridade ou equivalente.
- G) Estar en posesión do permiso de conducir de clase B.

SETIMA.- PUBLICIDADE

O anuncio desta convocatoria publicarase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases de selección publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Asemade, publicarase un anuncio da convocatoria no periódico "El Correo Gallego" e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

No prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOGA, os aspirantes deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo do ANEXO II destas bases, no Rexistro Xeral do Concello.

Cando as solicitudes se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax (981500914) ou telegrama ao Concello de Arzúa durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias) xunto cos orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
- b) Certificado de escolaridade ou equivalente.
- c) Permiso de conducir de clase B.

Con posterioridade, dictarase unha resolución que será exposta no Taboleiro de Edictos, na que se admitirán ós/ás candidatos/as que presentasen a documentación correctamente e se excluírá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, coa indicación da causa de exclusión, concedéndoselles un prazo de tres días para subsanar os erros ou defectos que houbera.

Dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, elaborárase posteriormente unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, que será igualmente exposta no Taboleiro de Edictos.

Nesta resolución indícarase o lugar, data e a hora de realización da proba teórica a que se refire a base décima, a); así como a composición do tribunal.

NOVENA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do

Procedemento Administrativo Común. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

DÉCIMA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante o sistema de concurso-oposición.

O procedemento de selección é o de oposición libre que comprenderá as seguintes probas: a) proba teórica e b) proba práctica, e c) proba de acreditación de coñecemento do galego.

a) Proba teórica: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección.

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

A proba consistirá en realizar un exame tipo test no que haberá que responder a un cuestionario de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no ANEXO I.

Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

Cada resposta correcta valorarase con 1 punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 10 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos test, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica.

b) Proba práctica: De carácter obrigatorio e eliminatorio, que realizarán só aqueles aspirantes que acaden a puntuación mínima de 10 puntos esixida para superar a proba teórica.

Os aspirantes seleccionados deberán presentarse para a realización da proba provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección, e seguirase coma orde de actuación o das respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.

A proba práctica consistirá en clasificar diversos materiais de refugallo nos seus correspondentes contedores.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 5 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos.

As cualificacións da proba práctica obteranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con dereito a voto e dividindo a puntuación total resultante entre o número de membros do tribunal con dereito a voto.

Para superar a proba practica será necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

c) Proba de acreditación de coñecemento do galego: De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que realizarán os/as aspirantes que superasen a puntuación mínima de 5 puntos establecida para a proba práctica.

Consistirá na traducción directa do castelán ao galego de 5 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 15 minutos e sen axuda do dicionario.

O exercicio cualificarase cun máximo de 2,5 puntos.

Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, de 30 de xullo).

Aos aspirantes que posúan o CELGA 2 (ou superiores) atribuiráselles a máxima puntuación nesta proba (2,5 puntos).

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida na proba teórica, na proba práctica, e na proba de galego. Aos efectos da súa notificación colectiva publicarase un Anuncio no Taboleiro, indicando a puntuación obtida por cada un dos/as aspirantes en cada unha das fases e probas, así como a suma das mesmas.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación aos aspirantes que encabezas a relación do proceso selectivo, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que os correspondentes ao postos de traballo que se pretende contratar; e sen prexuízo de trasladar a proposta de contratación en favor dos seguintes aspirantes pola orde de puntuación, para o suposto de que o primeiro aspirante seleccionado (ou seguintes no seu caso), non puidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renunciase a tal contratación.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante as probas ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

DECIMOPRIMEIRA.- INCIDENCIAS

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do deste procedemento de selección en todo o non previsto nas presentes Bases.

DECIMOSEGUNDA.- FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE TRABAJO.

Todos os aspirantes que superen o proceso selectivo e non resulten contratados serán incluídos nunha bolsa de traballo, ordenados segundo a puntuación obtida, para futuras contratacións que resulten procedentes a fin de cubrir as baixas por incapacidade temporal ou permanente, maternidade, vacacións ou causas semellantes.

En todo caso, antes de comezar a prestación de servizos, deberán de achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da recepción do respectivo chamamento, a documentación contida na base decimoterceira respecto da formalización do contrato.

O/A integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo no Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato volverá causar alta na bolsa de emprego no último posto da mesma.

No suposto de que o primeiro candidato seleccionado non puidera ser contratado, caerá no seu dereito e será chamado o seguinte candidato en orde decrecente de puntuación.

A renuncia ao chamamento ofertado suporá o pase do/a aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra causa xustificada, acreditada documentalmente, en cuxo caso pasará a situación de non dispoñible ata que comunique ao Concello que a causa que deu lugar á renuncia desapareceu. Enténdese por causa xustificada atoparse traballando, ou en situación de incapacidade temporal, enfermidade grave que impida asistencia ao traballo, ou outras causas que sexan de obrigado cumprimento legal.

A bolsa de traballo terá unha duración de 18 meses a contar dende o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da acta do tribunal na que se aproba a relación de aspirantes, en orde de maior a menor puntuación total, á que se refire a base décima, penúltimo parágrafo.

DECIMOTERCEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Edictos, a seguinte documentación:

1.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

2.- Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3.- Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

DECIMOCUARTA.- RECURSOS.

As presentes bases poderán ser impugnadas con carácter potestativo polos interesados mediante a interposición de recurso de reposición ante o mesmo órgano que as dictou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP; ou ben directamente, mediante recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Os/as interesados/as poderán interpoñer tamén calquera outro recurso que estimen procedente.

ANEXO I: Temario

Tema 1.- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Tema 2.- Nocións básicas de mantemento e reparación de edificios, instalacións, espazos e vías públicas.

Tema 3.- Descrición, utilidade e manexo das ferramentas e útiles mais comúns para o desenvolvemento das funcións propias do posto de operario de servizos varios.

Tema 4.- Principais problemas medioambientais: efecto invernadoiro, burato da capa de ozono, contaminación de augas e dos solos.

Tema 5.- Residuos e a súa clasificación: urbanos, industriais, sanitarios, agrícolas e gandeiros

ANEXO II: Modelo de solicitude

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ con nº de teléfono _____/_____ e correo electrónico _____

declaro coñecer e aceptar as bases publicadas para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, mediante o sistema de oposición, de tres operarios de servizos varios.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resulto/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
- b) Certificado de escolaridade ou equivalente.
- c) Permiso de conducir de clase B.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA.

